



Centro de Estudos Cooperativos



## **CENTRO DE ESTUDOS COOPERATIVOS DE GALICIA (CECCOP). MEMORIA DE ACTIVIDADES DO 2019:**

A presente memoria ten por obxecto dar cumprimento ao establecido na cláusula quinta do Convenio de Colaboración asinado o 25 de abril de 2019 entre a Consellería de Economía, Emprego e Industria e a Universidade de Santiago de Compostela para a realización de actividades do Centro de Estudos Cooperativos (CECOOP) durante o ano 2019.

Respecto a estrutura do CECOOP continúa sendo un Centro de investigación propio da Universidade de Santiago de Compostela que ten a finalidade, entre outras, de promover e desenvolver o coñecemento, a investigación e a difusión das materias vencelladas co cooperativismo e coa Economía Social, establecendo vínculos con outras organizacións e entidades que teñan fins e obxectivos converxentes cos do CECOOP de ámbito galego, nacional e internacional.

Consonte cos seus obxectivos, o CECOOP ten levado ao longo do ano 2019 un conxunto de actividades, esencialmente coincidentes coas especificadas no expoñendo terceiro do CONVENIO, que a efectos da súa sistematización agrúpanse tradicionalmente en tres bloques: actividades de carácter científico e de investigación, actividades de índole eminentemente docente, e actividades de colaboración e de relacións con outras entidades directamente implicadas co cooperativismo e coa economía social.

As actividades previstas na cláusula segunda do CONVENIO asinado, foron realizadas ao largo do curso académico. Dende un punto de vista práctico, intentouse que as actividades programadas se adaptaran o máxime posible as dispoñibilidades de espazos, orzamentos e finalidades do CECOOP.

Na cláusula segunda do referido CONVENIO indicase : “O Centro de Estudos Cooperativos, para o cumprimento dos seus fins propios, levará a cabo durante o ano 2019 as seguintes actividades en temas cooperativos e de economía social:

1. *Participación activa en sesións de dirección, de execución e científicas de CIRIEC España, do CIRIEC Internacional e da RED UNIES.*

2. *Participación, en coordinación co CIRIEC, a Consellería de Economía, Emprego e Industria e outras entidades, na organización de seminarios, xornadas e outras actividades.*
3. *Fomento da participación de investigadores do CECOOP en actividades de docencia e formación de investigadores.*
4. *Impulso e coordinación de actividades da Rede Eusumo na Universidade de Santiago de Compostela.*
5. *Mantemento do repositorio accesible a través de internet, de lexislación vixente, xurisprudencia e sentenzas de todas as instancias en materia de cooperativas e economía social, estruturado por temáticas, que se actualizará cunha periodicidade mínima bimensual.*
6. *Elaboración dun libro branco/informe sobre a Economía Social en Galicia, no marco do que se elabore para diversas CC.AA. sobre a base dunha metodoloxía común que sirva para contrastar resultados.*
7. *Participación en grupos de traballo conxuntos coa Secretaría Xeral de Emprego, as entidades representativas do sector ou outros axentes interesados, para a actualización normativa do réxime das cooperativas de Galicia e o seu Rexistro.*
8. *Posta en marcha dun sistema permanente de vixilancia comparativa entre as distintas comunidades autónomas así como os principais países europeos de referencia, acerca das novidades normativas que poidan resultar de interese para a súa traslación a Galicia.*
9. *Adquisición de bibliografía especializada.*
10. *Mantemento e actualización da web da CECOOP e a reposición de material funxible necesario para o cumprimento dos fins do CECOOP.*
11. *Cooperación coa Secretaría Xeral de Emprego nos temas de interese conxunto.*

Así mesmo, determinábase na cláusula terceira que “A Consellería de Economía, Emprego e Industria comprométese a facilitarlle ao CECOOP a información necesaria acerca da operativa rexistral, e a prestar a colaboración necesaria para o desenvolvemento das actuacións”, e na cuarta que “A Consellería de Economía, Emprego e Industria contribuirá o financiamento das actividades que realice o CECOOP durante o ano 2018, aínda que sexan anteriores á sinatura do convenio, coa cantidade de DEZAOITO MIL OITOCENTOS EUROS (18.800 €), con cargo á partida orzamentaria



Centro de Estudos Cooperativos



09.40.324C.444.1 da Lei de Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma para 2019.”

Estas actividades foron cumprimentados do xeito seguinte:

**1.- Participación activa en sesión de dirección, de execución e científicas de CIRIEC España, do CIRIEC Internacional e da RED UNIES**

Asistencia ás reunións que foron convocadas para establecer as liñas de actuación do CIRIEC, en canto o CECOOP forma parte da Comisión Executiva e do Consello de Dirección de CIRIEC España. Así mesmo, participouse na reunión executiva de CIRIEC-Internacional que tivo lugar en Bucarest, Rumania, o 6 de xuño de 2019, no que tivemos ocasión de ter información de primeira man, das actividades previstas para o vindeiro ano 2020 a nivel internacional, así como das principais liñas de investigación no eido da Economía Social.

Participación do CECOOP nas actividades de coordinación da RED ENUIES (“Red Española Interuniversitaria de Centros e Institutos de Investigación en Economía Social”) a través de colaboracións e de difusión de actividades, pois en canto membro fundador e directivo da mesma, trata de lograr a mellora da difusión da labor científica desenrolada polos institutos e centros de investigación en economía social, así como facilitar a intercooperación entre os mesmos, aproveitando as posibilidades das novas tecnoloxías da información no marco dos programas xerais de promoción á investigación.

Dado o nomeamento da directora do CECOOP, este pasado ano, como Vicepresidenta da Red ENUIES, participará o vindeiro mes de decembro nunha xuntanza en Zaragoza para por en común as actividades desenvoltas polos distintos centros adscritos a rede que incorporan a máis de 300 investigadores de máis de 30 universidades, especializados en Economía Social. A rede está presidida por Juan Juliá Igual, que foi Reitor da Universidade Politécnica de Valencia e investigador do “Centro de Investigación en Gestión de Empresas” (CEGEA) da Universidade Politécnica de Valencia.

**2.- Participación, en coordinación co CIRIEC, a Consellería de Economía, Emprego e Industria e outras entidades, na organización de seminarios, xornadas e outras actividades relativas ás cooperativas ou, en xeral, á economía social**

Colaboración coa Secretaría Xeral de Emprego na organización da exposición “Cata de Ideas Empresariais no sector da Economía Social” celebrada entre o 2 e o 4 de abril de 2019 na Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais da USC. A directora do CECOOP participou na presentación da xornada sobre ES o 3 de abril.

Colaboración coa Secretaría Xeral de Emprego na preparación da liga de debate universitaria sobre Economía Social. Finalmente a liga non se celebrou por non acadar o mínimo de inscricións necesarias.

Participación da directora do CECOOP na mesa redonda “A muller e as tendencias de futuro” organizada por Mulleres de Seu-CLUN no día Internacional da Muller, celebrado o 8 de marzo de 2019 na Casa da Cultura en Melide.

Participación das investigadoras Maite Cancelo, María Bastida e Ana Olveira, nas xornadas de formación dentro das actividades enmarcadas no programa “Espacios Efímeros de Emprendimiento de Economía Social (POP UP)” desenrolado no marco do Proyecto LACES (0219\_LACES\_1\_E), Laboratorios de apoio a la creación de empleo y empresas de economía social, cofinanciado co Fondo Europeo de Desarrollo Regional (FEDER) a través do Programa Interreg V-A España-Portugal (POCTEP) 2014-2020: marzo-xullo 2019.

Participación da directora na “Jornada sobre la regulación y fomento de la Economía Social en la Comunitat Valenciana” o 12 de setembro de 2019 coa presentación do traballo “A Lei de Economía Social de Galicia”.

### ***3.- Fomento da participación de investigadores de docencia e formación de investigadores.***

#### **3.1. Dirección de Traballos de Fin de Grao**

Neste apartado recollemos a oferta de Traballos de Fin de Grao na Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais e na Facultade de Relacións Laborais, relacionados co estudo do cooperativismo, outras fórmulas de Economía Social ou no propio funcionamento da Rede Eusumo:

“Evolución do Cooperativismo en Galicia”. Titoras: Emilia Vázquez Rozas e Maite Cancelo.

“Dereito de Cooperativas I”. Titor: Rafael Millán.

“Dereito de Cooperativas II”. Titor: Rafael Millán.

“Dereito de Cooperativas III”. Titor: José Antonio Montero.



Centro de Estudos Cooperativos



“Dereito de Cooperativas I”. Titor: José Antonio Montero.

“Análise da eficacia da Rede Eusumo de fomento da Economía Social en Galicia”. Titora: María Bastida.

### 3.2. Participación de investigadores do CECOOP en Congresos:

A Directora do CECOOP participou como membro do Consello Científico do: *X Iberian Colloquium on Social Economy of CIRIEC*, celebrado en Lisboa os días 18 e 19 de novembro de 2019.

COMUNICACIONES PRESENTADAS por investigadores en diversos congresos:

XVI Foro Internacional sobre evaluación de la calidad de la Educación Superior y la Investigación (FECIES): 29-31 de mayo en Santiago de Compostela. Presentación dos seguintes traballos no Simposio “Educación, competencias y Emprendimiento Social” coordinado pola profesora Loreto Fernández:

Emprendimiento en Economía Social: necesidades formativas. Maite Cancelo

La dimensión ética y solidaria de la financiación en la Economía Social. Una experiencia docente basada en la metodología ApS. Loreto Fernández

Asistencia á Conferencia de UNRISD (United Nations Research Institute for Social Development): “Implementing the Sustainable Development Goals: What Role for Social and Solidarity Economy? Celebrada en Ginebra el 25-26 de junio de 2019.

Neste congreso foi presentado o traballo das investigadoras do CECOOP Ana Oliveira e María Bastida: “Motivaciones de las mujeres para emprender en cooperativas. Estudio del caso gallego.

<http://unsse.org/knowledge-hub/motivaciones-de-las-mujeres-para-emprender-en-cooperativas-estudio-del-caso-gallego/>

Congreso de CIRIEC-Internacional. 6-9 de xuño de 2019 en Bucarest (Rumanía). Presentación do traballo “La red Eusumo: instrumento público al servicio de los ODS en Galicia”. María Bastida e Ana Oliveira.

<http://www.ciriec.uliege.be/wp-content/uploads/2019/06/C3-BASTIDA.pdf>

Presentación do traballo “La afectación al territorio y el fomento del empleo de calidad a partir de la Ley de Economía Social de Galicia”, realizado por María



Centro de Estudos Cooperativos



Bastida, Alberto Vaquero y Maite Cancelo en el *X Iberian Colloquium on Social Economy of CIRIEC*, celebrado en Lisboa os días 18 e 19 de novembro de 2019.

### 3.4.- Publicación de monografías:

Publicación do Libro Branco sobre a Economía Social en Galicia.

Publicación do capítulo: “La Ley de Economía Social de Galicia”, de María Bastida, Alberto Vaquero y Maite Cancelo, no libro: “La Economía Social en la Comunitat Valenciana: Regulación y Políticas Públicas”, dirixido polos profesores Gemma Fajardo García e Rafael Chaves Ávila.

Publicación do artigo “CLUN: Concentración por fusión de tres cooperativas lácteas en el cooperativismo agrario de Galicia”, na revista CIRIEC-España, Revista de Economía Pública, Social y Cooperativa, núm. 96, 29-64.

### ***4.- Impulso e coordinación de actividades da Rede Eusumo na Universidade de Santiago de Compostela.***

Colaboración coa Secretaría Xeral de Emprego na preparación da liga de debate universitaria sobre Economía Social. Finalmente a liga non se celebrou por non acadar o mínimo de inscricións necesarias.

### ***5.- Mantemento do repositorio accesible a través de internet, de lexislación vixente, xurisprudencia e sentenzas de todas as instancias en materia de cooperativas e economía social, estruturado por temáticas, que se actualizará cunha periodicidade mínima mensual.***

Entre as actividades desenroladas neste ano 2019 está o mantemento do repositorio accesible a través de internet, de lexislación vixente, xurisprudencia e sentenzas de todas as instancias en materia de cooperativas e economía social, estruturado por temáticas que está incluído na Páxina web: [www.cecoop.eu](http://www.cecoop.eu)

As sentenzas recentes mais interesantes con relevancia na materia cooperativa, aportadas na última actualización do repositorio en fecha 26 de setembro do 2019, son as seguintes:

- **Sentenza AP A Coruña, sec. 4ª, S 14-03-2019, nº 101/2019, rec. 513/2018.** En relación as vías de impugnación dos acordos de expulsión dos socios da cooperativa. Concretamente, o recurso ante a Asemblea



Xeral e os efectos do silencio da mesma na resolución do recurso. **Anexo I.**

- **Sentenza AP A Coruña, sec. 6ª, S 28-12-2018, nº 216/2018, rec. 179/2018.** Refírese a un cooperativista que causa baixa voluntaria e solicita o reembolso das aportacións a entidade aseguradora. A sentenza ditamina que a aseguradora, por o seguro de caución, non debe responder da devolución de aportacións. **Anexo II.**

***6.- Realización dun Libro Branco sobre a Economía Social en Galicia, , no marco do que se elabore para diversas CC.AA. sobre a base dunha metodoloxía común que sirva para contrastar resultados.***

O Libro Branco foi publicado e presentado no mes de novembro na Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais da USC. O libro, coordinado pola directora do CECOOP e o Presidente Científico de dito Centro, contou coa colaboración de 12 investigadores das Universidades de Santiago de Compostela e Vigo. A presentación correu da man do Conselleiro de Economía, Emprego e Industria e dos catedráticos de economía Rafael Chaves, Juan Juliá e José Luís Monzón, directores do Libro Branco da Economía Social en Valencia, 2018. Este é o segundo libro Branco, destas características, publicado en España nunha comunidade autónoma e que, servirá de referente, xunto co da Comunidade valenciá, para outros estudos a nivel autonómico, e a nivel estatal.

**7.- Participación en grupos de traballo conxuntos coa Secretaría Xeral de Emprego, as entidades representativas do sector ou outros axentes interesados, para a actualización normativa do réxime das cooperativas de Galicia e o seu Rexistro.**

- Participación do Secretario do CECOOP, José Antonio Montero Vilar, na reunión promovida polo CECOOP e celebrada o 16 de outubro do 2019 na Secretaría Xeral de Emprego coa Subdirectora Xeral de Economía Social, Alba Paz Boubeta, e a decana do colexio notarial de Galicia Isabel Louro, co obxectivo de buscar a **coordinación dos rexistros de cooperativas e as notarías, tratando se reducir as trabas interpretativas e burocráticas.**

- Participación do Secretario do CECOOP, José Antonio Montero Vilar, na reunión continuación da anterior e celebrada o 18 de novembro do 2019 na Secretaría Xeral de Emprego coa Subdirectora Xeral de Economía Social, Alba Paz Boubeta, e con representantes dos Notarios e dos Rexistradores para discutir e analizar as controversias xurídicas máis frecuentes en función do tipo

de procedemento. Participaron na reunión, ademais dos citados anteriormente, as seguintes persoas:

1) Notarios: Francisco León (Notario de Pontevedra), Víctor Vidal (Notario Nigrán), María Isabel Louro García (Notaria Ourense), José Manuel Amigo (Notario de Santiago), Natalia Nieto (Notaria de Lugo) y José Luis Espinosa (Notario de Vigo).

2) Rexistros: Luz Hermilla (Rexistro Central), Dolores Díaz (Rexistro de Ourense), Ana Vieitez (Rexistro de Lugo), Sofía Vales (Rexistro de Vigo) e máis o encargado do rexistro de A Coruña.

***8.- Posta en marcha dun sistema permanente de vixilancia comparativa entre as distintas comunidades autónomas así como os principais países europeos de referencia, acerca das novidades normativas que poidan resultar de interese para a súa traslación a Galicia.***

Como xa se comentou no apartado quinto, mantívose activo o repositorio de lexislación e xurisprudencia, accesible na páxina web do CECOOP. En relación a lexislación fixéronse tres actualizacións importantes: unha en novembro do ano 2018, outra en marzo do 2019 e outra en setembro do 2019. Recompiláronse as modificacións e novidades lexislativas mais relevantes e que poden ter maior interese para a súa traslación a Galicia. Neste sentido, destacan:

- Ley 1/2019, de 4 de marzo, de Medidas Económicas, Presupuestarias y Fiscales Urgentes para el año 2019 de la Rioja. **Anexo III.**
- Ley 4/2019, de 31 de enero, de Microcooperativas de las Illes Balears. **Anexo IV.**
- Ley 10/2018, de 9 de noviembre, de Aceleración de la Transformación del Modelo Económico Regional para la Generación de Empleo Estable de Calidad de la Comunidad Autónoma de Murcia. **Anexo V.**
- La nueva Ley de Cooperativas de Extremadura, 9/2018, de 30 de octubre. **Anexo VI.**
- Ley 5/2018, de 19 de junio, por la que se modifica la Ley 14/2011, de 23 de diciembre, de Sociedades Cooperativas Andaluzas. **Anexo VII.**

***9.- Adquisición de bibliografía especializada***

Doazón á Biblioteca da Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais da USC dos números publicados no ano 2019 das revistas:

CIRIEC-España, Revista de Economía Pública, Social y Cooperativa.

CIRIEC-España, Revista Jurídica de Economía Social y Cooperativa.



Así mesmo, deixáronse para a consulta do público, en xeral e do alumnado, en particular, todas as publicacións editadas polo CECOOP, en particular o Libro Branco da Economía Social de Galicia.

**10.- Mantemento e actualización da web do CECOOP así como a reposición de material funxible necesario para o cumprimento dos seus fins.**

Neste apartado figura o abono do webmaster - a USC non se fai cargo da páxina web do CECOOP, aínda que se sitúe enlazada na páxina web oficial da Universidade -, e de mantemento e consumibles dos ordenadores, impresoras e cables de conexión para compatibilizar os ordenadores coas instalacións da facultade de CCEE e de Dereito. Inclúense tamén os gastos de actualización de software e mantemento de equipos utilizados polos investigadores do CECOOP.

A páxina web recolle as publicacións do CECOOP, así como os relatorios de interese elaborados por investigadores do CECOOP ou por participantes en mesas, seminarios ou xornadas celebradas con arranxo aos convenios de colaboración.

**11.- Cooperación coa Secretaría Xeral de Emprego nos temas de interese conxunto**

Ao longo deste ano 2018, o CECOOP, no marco do Convenio asinado pola Universidade de Santiago de Compostela, estivo a disposición permanente da Secretaría Xeral de Emprego, a fin de colaborar plenamente co citado órgano en todos aqueles temas que puideran resultar de interese para ambas entidades especialmente en temas da operativa rexistral.

Santiago de Compostela, 27 de novembro de 2019



Asdo.: Mª Teresa Cancelo Márquez

Directora do CECOOP